

Unidade 9. Sucesos

Alumno: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Escribe cada palabra no lugar que lle corresponde.

door

chat

provinza

escáner

intranet

favorescer

capiduo

chip

Neoloxismos	
Arcaísmos	

2. Que diferenza existe entre un neoloxismo e un arcaísmo?

3. Atopa os errores das oracións e volve escribilas de xeito correcto.

- A sr^a María estivo falando co Director do museo o Luns.

- A revolución francesa produciuse a finais do Século XVIII.

- En ourense celebran a festa dos maios a comezos de Maio.

- O sol sae polo Leste e ponse polo Oeste.

4. Subliña os complementos directos das oracións.

- Ten un lapis novo na mochila.
- O sábado invitei a Antía á miña casa.
- Onte esquecí o abrigo na casa da avoa.

5. Completa as oracións cun complemento e di se é directo ou indirecto.

- Os nenos pediron _____
- Álvaro chamou _____
- A miña nai escoitou _____
- O tendeiro saudou _____

Unidade 9. Sucesos

Alumno: _____ Curso: _____ Data: _____

6. Indica os complementos directos e indirectos destas oracións.

- A tía deixou un recado para ti. _____
- Solicitamos unha pista deportiva ao concello. _____
- A mestra felicitou aos nenos. _____
- Preguntou a Pedro rapidamente. _____

7. Onde non se emprega maiúscula inicial? Subliña a resposta correcta.

- Nos nomes de institucións.
- Nos nomes de títulos nobiliarios.
- Nos nomes das estacións do ano.
- Nos nomes de etapas da historia.

8. Escribe catro características do conto.

9. Fíxate na ilustración e relata un feito relacionado con ela.



10. Escribe un exemplo de diálogo en estilo indirecto.

Unidade 9. Sucesos

Alumno: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Escribe os neoloxismos que aparecen no texto.



O ordenador é unha máquina que realiza cálculos e controla operacións en termos lóxicos e numéricos. É un sistema dixital con tecnoloxía microelectrónica. A súa estrutura inclúe: microprocesador, memoria e dispositivos de entrada-saída, xunto aos buses que permiten a comunicación entre eles. En resumo, o ordenador é unha dualidade entre hardware e software.

Os primeiros ordenadores son de comezos do século XX. Durante a II Guerra Mundial, un grupo de científicos e matemáticos do norte de Londres creou o que se considera o primeiro ordenador dixital totalmente electrónico.

WIKIPEDIA

12. Que diferenza existe entre un neoloxismo e un arcaísmo? Escribe dous exemplos de cada.

13. Explica o porqué do uso das maiúsculas iniciais do texto.

14. En que outros casos, ademais dos do texto se usa a maiúscula inicial?

15. Existe no texto algún diálogo en estilo indirecto? Por que?

Unidade 9. Sucesos

Alumno: _____ Curso: _____ Data: _____

16. Indica que clase de complemento aparece no predicado destas oracións.

- O ordenador realiza cálculos e controla operacións. _____
- A súa estrutura inclúe: microprocesador, memoria e dispositivos de entrada. _____
- Os buses permiten a comunicación. _____
- Un grupo de científicos e matemáticos crearon o primeiro ordenador dixital. _____

17. Escribe oracións cos seguintes esquemas.

- Verbo + complemento directo + complemento indirecto.

- Suxeito + verbo + complemento directo.

- Suxeito + verbo + complemento indirecto.

18. Cal é a función do complemento indirecto?

19. Indica catro características que fan que o texto inicial non sexa un conto.

20. Como relatarias o momento no que se puxo en funcionamento o primeiro ordenador?
